

CV25029

## **MEMORIA XUSTIFICATIVA DA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE FRIOL PARA A MELLORA DO SISTEMA DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE ROIMIL. FRIOL (LUGO).**

### **1. Antecedentes**

O 30.10.2025 formalizouse o convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Friol para a mellora do sistema de saneamento e depuración de Roimil. Friol (Lugo).

### **2. Causas que motivan a formalización dunha addenda ao convenio**

Debido a causas sobrevidas e imprevistas, alleas á vontade do Concello de Friol, existe unha demora na execución das obras subvencionadas, polo que non é posible dar cumprimento ao disposto nas cláusulas cuarta (libramento dos fondos e réxime de xustificación) e oitava (vixencia do convenio).

Polo exposto, e tendo en conta a complexidade das actuacións e os prazos previstos para a súa execución é necesario ampliar o prazo de xustificación e vixencia do convenio.

### **3. Obxectivos que se pretenden**

Esta addenda ten por obxecto:

- Modificar a cláusula cuarta do convenio de colaboración para ampliar o prazo de xustificación ata o 15 de decembro de 2025.
- Modificar a cláusula oitava do convenio de colaboración para non limitar o prazo de realización dos gastos subvencionables ata o 30 de novembro de 2025.

Consonte ao disposto no artigo 48.3 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público a addenda ao convenio contribúe a mellorar a eficiencia da xestión pública, a facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos e á realización de actividades de utilidade pública.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O director de Augas de Galicia

Roi Fernández Añón

